



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN) e entidade pública empresarial Augas de Galicia para o proxecto “Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos Innovaugas 4.0”, cofinanciado con fondos FEDER a través do Programa operativo FEDER plurirrexional de España (POPE) 2014-2020

1 Antecedentes

O Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN), a través da Secretaría Xeral de Innovación (SGINN), como Organismo Intermedio xestiona fondos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) correspondentes ao Programa operativo FEDER plurirrexional de España (POPE), 2014-2020.

O 19 de setembro de 2019 Augas de Galicia presentou ante o MCIN unha solicitude para a asignación de cofinanciamento con fondos FEDER para o proxecto denominado "Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos INNOVAUGAS 4.0" (en adiante INNOVAUGAS 4.0).

O 08.04.2020 o MCIN asinou a proposta de resolución definitiva de concesión de axudas do proxecto para ser cofinanciado con fondos FEDER no marco do Programa Operativo Feder Plurirregional de España 2014-2020.

2 Obxectivos que se pretenden

O citado proxecto presentado por Augas de Galicia ante o MCIN, persegue acadar unha xestión integrada avanzada das augas para poder optimizar os recursos hídricos e dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, sen poñer en risco o logro dos obxectivos ambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático. Para logralo Augas de Galicia considera indispensable contar cunha evolución tecnolóxica innovadora baseada en diferentes “tecnoloxías facilitadoras”.

Mediante a integración das novas tecnoloxías preténdese dar resposta ás necesidades que nos últimos anos xurdiron en Augas de Galicia no desempeño dos seus labores como organismo de conca da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa e como Administración Hidráulica na Comunidade Autónoma Galega. Así, búscase mellorar o funcionamento do organismo co desenvolvemento e implantación dunha infraestrutura integrada de procesado de datos que permita agregar e explotar





toda a información existente procedente de distintas fontes, de forma coherente, ampliando o coñecemento das concas coa incorporación de tecnoloxías dixitais de última xeración, o que permitirá unha xestión máis óptima e eficaz, axudando na toma de decisións tanto desde un punto de vista de planificación ordinaria como en momentos extraordinarios cunha base técnica robusta que limite as posibles repercusións no estado das masas de auga.

Con todo isto esperase que a solución innovadora que se pretende alcanzar mellore a prestación de servizo público, potenciando unha administración da auga innovadora que mellore na súa resposta á cidadanía, simplificando as relacións entre os usuarios da auga e o organismo de conca e optimizando todo o coñecemento existente.

Así, o obxecto deste Convenio é:

1. Formalizar a selección por parte do MCIN do proxecto INNOVAUGAS 4.0, a efectos do seu cofinanciamento polo FEDER no marco do POPE.
2. Formalizar, ao amparo da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (“Liña FID”) do MCIN, a concesión dun anticipo reembolsable nos termos establecidos no convenio.
3. Establecer as obrigas e dereitos de Augas de Galicia na execución do proxecto INNOVAUGAS 4.0.

3 Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Corresponde ao Estado o «fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica», de acordo co artigo 149.1.15 da Constitución. De forma específica, segundo o Real Decreto 404/2020, do 25 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Ciencia e Innovación (en diante MCIN), corresponde a este o impulso da compra pública de innovación, como unha das funcións asignadas á Secretaría Xeral de Innovación.

A Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020 (EECTI), que constitúe o marco estratéxico para as políticas de I+D+i estatais e autonómicas, recolle catro grandes obxectivos xerais, aliñados cos obxectivos da Estratexia UE2020 e de Horizonte 2020. A EECTI desenvólvese mediante o Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020 e os seus Plans Anuais de Actuación, constituíndo o conxunto o marco estratéxico estatal de investigación e innovación para a especialización intelixente.





O MCIN seleccionou o proxecto "INNOVAUGAS 4.0" presentado por Augas de Galicia de acordo ao procedemento establecido, aplicando uns criterios de selección transparentes e respectando os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, ao Regulamento (UE) Nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) Nº 1080/2006, os criterios de selección de operacións cofinanciadas polo FEDER establécense nos correspondentes Comités de Seguimento dos Programas Operativos aprobados por Decisión da Comisión Europea.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4 Estimación de custos e financiamento

O proxecto obxecto deste convenio ten un orzamento estimado de 8.764.608,69 €, dos cales 7.000.000,00 € son elegibles. O esquema financeiro do convenio, con arranxo ao cal as partes adoptan os seus compromisos financeiros, estrutúrase do seguinte xeito:

- O MCIN comprométese a financiar o proxecto "Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos INNOVAUGAS 4.0", obrigándose a aplicar os fondos FEDER asignados á SGINN, do POPE 2014-2020, ao proxecto obxecto deste convenio, nunha contía do 60% do importe do orzamento total elixible da Fase I (7.000.000,00 €), que ascende a 4.200.000,00 €.

O MCIN conta nos Orzamentos Xerais do Estado vixentes con créditos que permiten anticipar o importe correspondente ao cofinanciamento de FEDER. Por iso para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados ao Estado español, o MCIN achegará en concepto de anticipo reembolsable FEDER a Augas de Galicia, a cantidade de catro





millóns douscentos mil euros (4.200.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 28.05.463B.823, dos Orzamentos Xerais do Estado vixentes, para executar as actividades correspondentes á Fase I (Fase de I+D+i) do proxecto segundo se reflicte nos Anexos I e III do convenio.

- Augas de Galicia comprométese a achegar:

1. O importe restante ata completar o 100% do gasto elexible, que ascende a dous millóns oitocentos mil euros (2.800.000,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento e o gasto imputarase á conta 219 “Outro inmovilizado inmaterial” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.
2. O importe total do gasto non elexible, que ascende a un millón setecentos sesenta e catro mil seiscentos oito euros con sesenta e nove céntimos (1.764.608,69 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento e o gasto imputarase á conta 219 “Outro inmovilizado inmaterial” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia

A distribución de anualidades é a que segue:

Anualidade	Importe total do proxecto	Importe elexible	Fondos FEDER aportados polo MCIN	Cofinanciamento nacional (AdG)	Gasto non elexible (AdG)
2020	237.771,31 €	189.900,00 €	113.940,00 €	75.960,00 €	47.871,31 €
2021	2.669.418,09 €	2.131.975,00 €	1.279.185,00 €	852.790,00 €	537.443,09 €
2022	3.697.569,29 €	2.953.125,00 €	1.771.875,00 €	1.181.250,00 €	744.444,29 €
2023	2.159.850,00 €	1.725.000,00 €	1.035.000,00 €	690.000,00 €	434.850,00 €
TOTAL	8.764.608,69 €	7.000.000,00 €	4.200.000,00 €	2.800.000,00 €	1.764.608,69 €

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(asinado dixitalmente)

